

ORDENANZA 3.17
TAXA POLO ESTACIONAMENTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA
NAS VIAS PUBLICAS MUNICIPAIS

Artigo 1º. Natureza e fundamento

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Concello establece la Tasa por estacionamiento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais, a que se refire o art.20.3 u) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, cuías normas atenden ao previsto no art 57 do citado Real Decreto Legislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible a utilización privativa do dominio público local constituído polos espacios de aparcamento en superficie delimitados para ó estacionamento de vehículos de tracción mecánica, dacordo ca normativa desenvolvida pola Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que disfruten, utilicen, ou aproveiten especialmente o dominio público local constituído polos espacios de aparcamento en superficie delimitados para ó estacionamento de vehículos de tracción mecánica, dacordo ca normativa desenvolvida pola Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 4º. Cota tributaria

A contía da taxa por estacionamento é:

- a. Réxime xeral: Pre-pagado por un máximo de 126 minutos con un coste máximo de 1,00 €. Un mínimo de 18 minutos con un coste de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05 €, segundo os seguintes tramos:

<i>TEMPO</i>	<i>TARIFA EN €</i>
18	0,15
25	0,20
32	0,25
38	0,30
44	0,35
50	0,40
57	0,45
63	0,50
69	0,55
76	0,60
82	0,65
88	0,70
94	0,75
101	0,80
107	0,85
113	0,90
120	0,95
126	1,0

- b. Réxime xeral de longa duración Prepagado por un máximo de 252 minutos cun coste máximo de 1,00 €. Un mínimo de 38 minutos cun coste de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05 €, segundo os seguintes tramos:

<i>MINUTOS</i>	<i>TARIFA EN €</i>
38	0,15
51	0,20
63	0,25
76	0,30
88	0,35
101	0,40
114	0,45
126	0,50

MINUTOS	TARIFA EN €
139	0,55
152	0,60
164	0,65
176	0,70
189	0,75
202	0,80
214	0,85
226	0,90
239	0,95
252	1,0

c. Residentes

Establecense dúas modalidades para residentes:

- I) Tarifa normal, pre-pagado sin límite máximo de estacionamiento. Cada hora ou fracción 0,15 €
- II) Con tarxeta especial de residente: 32,88 € con vixencia trimestral, expedida por trimestres naturais que da dereito ó estacionamento sin pago de tarifa normal e sin límite de tempo de estacionamiento.

d. Complementaria Post-pagada por exceso de tempo señalado no ticket ata un máximo de 30 minutos: 2,60 €

e. Tarifa da tarxeta normal de residentes: 7,29 € con vixencia do ano natural da súa expedición.

Artigo 5º. Devengo

A taxa devengarase no momento en que se efectúe o estacionamento do vehículo .

Artigo 6º. Normas de xestion

1. O pago realizarase no momento de obter o correspondente boleto nas máquinas expendedoras. Dito boleto acreditativo do pago deberá exhibirse no parabrisas dianteiro do vehículo e dende un lugar visible dende o exterior.
2. O prazo de solicitude tanto para a nova petición de tarxeta de residente, como no caso de renovación finalizará o 15 de Xaneiro para as tarxetas de tarifa normal, e o 10 de Xaneiro o 10 de Abril, o 10 de Xulio e o 10 de Outubro para as tarxetas especiais. Con carácter excepcional para os novos vehículos e cambios de domicilio, habilitaranse os días 1 ó 5 de cada mes.



Artigo 7º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día vinte e sete de outubro de dous mil cinco, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de vinte e tres de decembro de dous mil cinco. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil seis, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación

